

Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas



PROCESO DE APRENDIZAXE

Neste curso de Fotografía e Igualdade intentamos sobre todo aprender a observar, a mirar o detalle e gravar coas nosas cámaras todas esas pequenas e grandes cousas que nos encontramos polo camiño.

Co tema principal da igualdade de xénero procuramos nas rúas da cidade da Coruña exemplos visuais que nos contasen como é a realidade, ou unha parte dela, desta sociedade na que mulleres e homes convivimos.

Concluimos que estamos nun momento de transición, onde os cambios xeran situacións de benestar para as mulleres pero tamén contradicións e conflitos de roles que debemos aprender a superar.

Este foi un traballo colectivo onde as mulleres e homes participantes colaboraron facendo fotografías, aportando opinións nos diversos debates e construindo os textos que mostran as reflexións que acompañan as imaxes obtidas.



Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas



RELACIONES E ROLES DE XÉNERO

Vemos que no mercado seguen sendo maioría as mulleres facendo a compra, especialmente durante a semana.

Noutras imaxes recolleemos a relación entre parellas e de coidado das crianzas, nas que predomina o papel da muller.

Tamén conseguimos unha imaxe de nai e fillo, na que se cambian os roles de coidado e é o fillo home quen cuida da súa nai, en vez de a filla, que é o habitual.

Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas



TRABALLOS

Nos espazos públicos vemos que hai unha crecente igualdade entre mulleres e homes en diferentes traballos, especialmente en xardinaxe, salvamento costeiro ou limpeza urbana.

Porén, continúan a ser maioritariamente mulleres as que traballan nos mercados mentres que nas obras predominan os homes, non tendo visto nas nosas saídas ningunha muller.



Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas



DEPORTES E ACTIVIDADE FÍSICA

Hai bastantes exemplos de mulleres como protagonistas tanto en anuncios de centros de deporte, empresas promotoras de equipos locais e na prensa.

Pensamos que influíu o ascenso do equipo feminino do Deportivo e a Copa do Mundo de fútbol feminino que se xogaba en Europa durante estas semanas.

A actividade física nos parques, praias, etc., estaba moi presente e había tantas mulleres como homes, aínda que con algunhas diferencias de obxectivos: musculación máis nos homes e loqa máis nas mulleres, por exemplo.




Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas



ESPAZOS, MULLERES E HISTORIA

As estatuas de mulleres que encontramos en diferentes prazas e xardíns son un recoñecemento ao papel que xogaron na historia da cidade mulleres como María Pita, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán.

Nos museos de tecnoloxía e ciencia vemos que principalmente está representado o papel que xogaron os homes. Tamén observamos como os estereotipos de xénero están presente en diferentes momentos da historia.



Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas



SÍMBOLOS E IMAXES NA RÚA

Nestas imaxes aparecen sobre todo mulleres espidas, representadas como obxectos, mentres non encontramos ningún home de xeito similar. Tamén hai imaxes na que as mulleres defenden o seu dereito a non ser abusadas.

Nos símbolos seguen catalogando as diferenzas de cor a mulleres e homes.

Nalgunhas das imaxes que encontramos non se fai esta discriminación, de feito o baño de homes é rosa e o das mulleres de cor azul. Normalmente non adoita ser así.



Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas

ESPECTÁCULOS, PUBLICIDADE E PRENSA

Nos carteis de espectáculos da cidade hai bastantes anunciando concertos de mulleres artistas, como solistas ou como parte dunha banda. Tamén están visibilizadas nos programas dos teatros.

Nos quioscos podemos ver unha importante presenza de mulleres nas portadas de diferentes revistas, especialmente de historia e deporte. Aínda así, continúa a haber unha división evidente entre a prensa rosa, dirixida a mulleres; e motor e tecnoloxía, a homes.

No caso da publicidade atopamos que é a área onde máis se manteñen os estereotipos de xénero: beleza para as mulleres e fortaleza para os homes.



Xeitos de ver - Construindo masculinidades positivas



CRIANZAS

Continúa a manterse o azul para os nenos e o rosa para as nenas, tanto en xoguetes como en roupa.

Non obstante, encontramos que algunhas cousas mudan e aparecen cada vez máis contos onde as nenas son protagonistas e os nenos cambian de rol.

